



Concello de Arbo

BASES REGULADORAS DA VIII MARCHA DA LAMPREA

1.-ORGANIZACIÓN: A proba esta organizada polo Concello de Arbo

2.- INFORMACIÓN XERAL

A MARCHA DA LAMPREA é unha ruta BTT e defínese dentro dunha especialidade ciclista que concibe este deporte como un exercicio físico con fins de ocio e turístico ou culturais, excluindo a competición.

Poderán participar na ruta todas aquelas persoas, maiores de idade que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición.

Esta proba está sometida ás disposicións dos artigos do II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

3.-DATA E LUGAR DA ACTIVIDADE

- A saída darase o de 14 de abril de 2024 ás 9:30 horas dende a Praza do Concello
- O repato de dorsais a partires das 8:30 na Praza do Concello
- É unha ruta de dificultade física e técnica media
- O percorrido son 45 km aproximadamente
- Os participantes deberán cumprir os horarios propostos pola organización nos distintos puntos de paso.
- O participante que sobrepase estes horarios deberá abandonar a proba de maneira obrigatoria, ou ben quedará excluído da proba, pasando baixo a súa responsabilidade a ser un usuario normal das vías públicas se decidira continuar o percorrido en bicicleta.

4.- PERCORRIDO

O itinerario estará publicado na Paxina Web da Festa da Lamprea <https://festadalamprea.gal/>





Concello de Arbo

O itinerario discorre por camiños e sendeiros do **Concello de Arbo** e cada participante deberá ser plenamente consciente da lonxitude e dificultade da proba que se desenvolve baixo posibles condicións climáticas de frío, chuvia, vento, etc. polo tanto debe preverse que a indumentaria, calzado, etc. sexa o máis apropiada posible.

O percorrido estará debidamente sinalado e a organización dispón de vehículos para apertura e peche da marcha, así como persoal auxiliar debidamente identificado.

É responsabilidade do participante localizar a sinalización e seguila.

5.- INSCRIPCIÓN

Establécese un máximo de 150 participantes.

As inscricións ábrese dous meses antes da proba ou cando a organización o estime oportuno en función da data da Festa da Lamprea.

Para facer efectiva a inscrición será necesario acceder a web do Concello de Arbo e cubrir o formulario colocado nela a tal efecto.

A solicitude realizarase online na páxina da Festa da Lamprea <https://festadalamprea.gal/>

Calquera dubida poderá resolverse por estes medios ou no telefono 986.665000 de luns a venres en horario de 8:00 a 15:00 horas.

O prezo publico aprobado pola participación na BTT é de 10 Euros que deberase ingresar no nº de Conta especificada na solicitude de inscrición.

Non se aceptaran pagos en man nin o mesmo día da proba, tampouco se admitiran inscricións, baixo ningún concepto, fora dos prazos marcados.

O prazo de inscrición remata o **11 de abril de 2024** ás 15.00 horas.

O importe da inscrición dá dereito ao seguro de asistencia sanitaria e responsabilidade civil, lavado de bicicleta, avituallamentos, duchas e comida .





Concello de Arbo

As inscricións son estritamente persoais e intransferibles, non poden ser utilizadas por outra persoa diferente da inscrita. Non é posible a substitución dun participante por outro.

Só será considerado participante da BTT DA LAMPREA a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a solicitude oficial e faga efectivo o importe do prezo por participar.

Esta totalmente prohibido incorporarse á proba sen estar previamente inscrito/a. A organización en ningún caso se fará responsable das persoas que realicen a marcha sen inscrición.

6.- PARTICIPACIÓN

A idade mínima para participar na proba son 18 anos cumpridos antes do día da proba.

Todo menor de idade deberá presentar unha autorización do seu titor legal para poder participar no evento, e ir acompañado durante a marcha/evento por un participante maior de idade autorizado polo titor legal, que será responsable en todo momento do menor de idade.

Se, no momento da entrega de dorsais, o menor de idade non vai acompañado do participante de maior idade, que se responsabilizará del coa autorización do titor legal, non se lle entregará dorsal e non participará no evento.

O titor estará presente na entrega do dorsal para firmar a autorización e nomeará, no caso de non ser el, un responsable participante e maior de idade que acompañará ao menor.

Cada participante é responsable da súa condición física e psíquica para participar na marcha BTT.

7.-. SEGURO

O Concello de Arbo, contratara un seguro de responsabilidade Civil e de accidentes para esta actividade.





Concello de Arbo

A participación na proba esta baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes.

O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para a proba.

10

8.- RECOLLIDA DE DORSAIS

A recollida de dorsais realizarase no lugar establecido polo Concello que será comunicado a cada participante no momento da inscrición.

Todo participante deberá levar, de forma obrigatoria e visible: a placa/dorsal na bicicleta.

Todo participante que non leve colocado de maneira visible o dorsal/placa de bicicleta será excluído do percorrido polos membros da organización ou polas forzas da orde.

O dorsal/placa é un artigo persoal e intransferible. A persoa inscrita só poderá participar co dorsal/placa que lle foi asignado e acepta non permitir o uso do mesmo a outras persoas.

9.- AVITUALLAMIENTOS

Disporase de avituallamento líquido e sólido dentro do percorrido da marcha.

10.- SERVICIOS MÉDICOS

A organización disporá, durante o desenvolvemento da proba dunha ambulancia segundo o establecido.

11.- SERVICIO DE DUCHAS

Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas ó rematar a proba.

12.- SEGURIDADE





Concello de Arbo

Todos os participantes, deberán observar escrupulosamente as disposicións da Lei de Seguridade Vial e o seu Regulamento, a proba discorre por vías abertas ao tráfico. Quen non cumpra a Lei será expulsado da ruta e non poderá inscribirse nas edicións posteriores.

Cada participante ao inscribirse na marcha recoñece ter lido a totalidade do presente regulamento e con iso asume os riscos inherentes á participación nunha proba aberta ao tráfico, ao tempo que exclúe á organización de toda responsabilidade, por calquera incidencia ou accidente derivado da participación da mesma.

O emprego de casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da marcha. Recomendase a utilización de roupa deportiva axeitada. Todo ciclista participante deberá permanecer dentro do circuíto da proba e atender as intrucións da organización.

13.- ACCIDENTES E PERDAS

Aqueles participantes que sufran unha avaría que lles impida continuar, deberán chamar o teléfono facilitado pola organización, onde lles indicaran o lugar de recollida máis próximo, ou ben dirixirse a un dos puntos de control da proba, para ser recollidos.

O participante exime á organización da responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais por calquera circunstancia.

14.- MODIFICACIONES E DEREITO DE ADMISIÓN

A organización resérvase o dereito de realizar as modificación oportunas, cando por algún motivo o estime conveniente ou necesario. E así mesmo resérvase o dereito de admisión.

15.- MEDIO AMBIENTE

A ruta BTT desenvólvese por camiños e sendeiros dunha excepcional beleza natural, polo que será obriga de todos preservar o entorno evitando tirar lixo fóra dos sacos instalado s nos puntos de avituallamentos. Será motivo de descualificación o incumprimento desta norma elemental por parte dos ciclistas.





Concello de Arbo

16.- DEREITO DE IMAXE

A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza ao Concello de Arbo para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de todas as formas posibles (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, etc.) , e cede todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

17.- PENALIZACIÓN

De maneira estrica, penalizarase a aqueles participantes que:

1. Non respecten o código de circulación.
2. Non respecten as consignas de seguridade indicadas por forzas da orde e pola propia organización.
3. Non pasen polo control de saída e polos outros situados no percorrido.
4. Ensucien ou degraden o itinerario, tirando desperdicios.
5. Dispoñan de vehículos de apoio propio, entorpecendo a marcha do resto.
6. Comportamentos que impidan o normal desenvolvemento da proba e que vaian en contra do presente regulamento.
7. Non utilicen o casco (é obrigatorio)
8. Non leve colocado de maneira visible o dorsal/placa da bicicleta.

Os membros das forzas da orde e da organización, tomarán nota de aqueles participantes que realicen algunha das condutas indicadas anteriormente.

A organización adquire o compromiso fronte ao resto de participantes e fronte ás autoridades de sancionalos de maneira efectiva.

A penalización consistirá en:

1. Descualificación da proba.
2. Inclusión nos listados dos participantes sancionados, para súa posterior publicación.
3. Prohibición de participar en futuras edicións.
4. As sancións impostas polas autoridades.





Concello de Arbo

18.- SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización non asumirá ningunha responsabilidade se o evento se suspende ou apraza por causas de forza maior.

Así mesmo a organización non se fai responsable das decisións que a título persoal tomen os participantes como consecuencia da suspensión da mesma.

10

19.- ACEPTACIÓN

O mero feito de inscribirse nesta proba supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia de todos os dereitos contra a organización, renunciando a toda acción legal que puidera derivarse da súa participación na proba.

20.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONALES

O Concello de Arbo, garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, e así, de acordo coa Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales, o asinante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheiros do Concello de Arbo e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación coas xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias da mesma.

21.- NON COÑECEMENTO DO REGULAMENTO

A participación na marcha BTT, implica a aceptación deste regulamento que se publicara na paxina web do Concello de Arbo. O descoñecemento do mesmo, non exime ao participante do seu cumprimento.

22.- DISPOSICIÓN FINAL:

A organización reservase o dereito de realizar as modificación oportunas, cando por algún motivo, o estime necesario





Concello de Arbo

A organización reservase o dereito de modificar parcial ou totalmente o contido deste regulamento, cando por algún motivo, o estime oportuno.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer no caso de imprudencias, ou por non seguir as normas da proba.

Tódolos participantes deben aterse as normas do vixente código de circulación, considerándose persoalmente responsables das infraccións que comentan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución nos cruces coas estradas e nas zonas habitadas.

Este regulamento pode ser modificado, tendo en conta as circunstancias sanitarias polo COVID no momento da proba.

VIII MARCHA BTT ARBO DA LAMPREA - ANO 2024

NOME	
------	--





Concello de Arbo

APELIDOS	
DATA DE NACEMENTO	
DN	
DIRECCIÓN	
TELEFONO	

10

SOLICITA

Participar na VIII Marcha BTT de Arbo que terá lugar o día 14 de abril de 2024 e proceder o ingreso do prezo publico establecido pola participación o evento no numero de conta nº ES12 2080 5011 8230 4000 6781.

DECLARO:

- Atoparme fisicamente apto para a proba.
- Ter lido a totalidade do regulamento e aceptar o seu contido.

Arbo, a

Asdo.:

PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Xestionar as solicitudes de participación na VIII MARCHA BTT ARBO DA LAMPREA
Lexitimación para o tratamento	Consentimento explícito da persoa interesada
Destino dos datos	Non se prevén
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572

Sr. Alcalde do Concello de Arbo

AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE

(A cumprimentar polo pai/nai ou tutor legal do menor)

DATOS PERSONAIS DO MENOR DE IDADE (Conforme consten no DNI, excepto domicilio)			
Primer Apellido	Segundo Apellido	Nome	DNI/NIE

Praza Consistorio, 1 – 36430 ARBO (Pontevedra) P3600100F, Telf.; 986665000 Fax 986665011 www.concellodearbo.es Mail: oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo

Domicilio		Código Postal	Localidade	
Provincia	Data Nacemento	Nacionalidade	Idade	Sexo V M
Email			Teléfonos	
DATOS DO PROXENITOR/A- TUTOR/A RESPONSABLE				
Primer Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI/NIE	
(pal, nai, tutor, etc)			Teléfonos de localización	
AUTORIZACIÓN FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS				
AUTORIZO, o Concello de Arbo e as entidades colaboradoras a fotografiar o filmar o meu fillo/a durante o deserronlo da actividade na que participa, co obxecto de incorporar ditas imáxenes á memoria do programa, así como para a difusión en revistas, redes sociais e medio de comunicación.				

10

Os participantes nesta proba están cubertos por un seguro de accidentes coas coberturas obrigatorias recollidas no Real DECRETO 849/1993.

MANIFESTO QUE:

- Lino e comprendín o regulamento da proba, e voluntariamente o acepto na súa totalidade, a efectos da participación do meu autorizado.
- Coñezo os riscos inherentes á participación do meu autorizado na BTT, que se celebrará o día 10.04.2024, e que se atopa en posesión das habilidades técnicas requiridas pola organización no regulamento da proba.
En base o anterior, ASUMO, libre e con coñecemento de causa a materialización dos eventuais riscos que puideran producirse derivados da súa participación na referida proba.
- Que mín autorizado non está afectado por ningunha contraindicación médica para á práctica deportiva, e que o seu estado físico e de saúde e o adecuado para a súa participación na proba.

AUTORIZO O MENOR a participar na VIII MARCHA BTT LAMPREA 2024, FACENDOME CARGO EN TODO MOMENTO DO MENOR.

Ena.....de.....de 2024.

Sr. Alcalde do Concello de Arbo

